



RIPS. Revista de Investigaciones  
Políticas y Sociológicas

ISSN: 1577-239X

[usc.rips@gmail.com](mailto:usc.rips@gmail.com)

Universidade de Santiago de Compostela  
España

Cotelo, Carmen

Betanzos, espello electoral de España

RIPS. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, vol. 16, núm. 2, 2017, pp. 187-  
202

Universidade de Santiago de Compostela  
Santiago de Compostela, España

Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=38054082010>

- Como citar este documento
- Número completo
- Más artigo
- Revista Home en [redalyc.org](http://redalyc.org)

[redalyc.org](http://redalyc.org)

Sistema de Información Científica

Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal

Proyecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

# Betanzos, espello electoral de España

Carmen Cotelo

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SANTIAGO DE COMPOSTELA, ESPAÑA

mcarmencotelo@gmail.com

**Resume:** Este artigo ofrece un achegamento á orixe do “test de Betanzos”, formulada nun estudo sociolóxico encargado por Manuel Fraga e presentado publicamente por el no mes de xaneiro do 1983. Segundo este traballo, o municipio betanceiro era xunto con Jerez de la Frontera (Andalucía) e Getafe (Madrid) unha das tres *middletowns* existentes en España naquel momento. Co paso dos anos, Betanzos é a única destas tres cidades que permanece no tempo como espello social do país. Probablemente, ese primitivo estudio sociolóxico estea a día de hoxe definitivamente perdido polo que hai que apoiarse nas escasas referencias documentais das que se van tendo novas. A fonte fundamental que permite explicar a elección de Betanzos como *middletown* e a súa prevalencia como tal respecto das outras dúas cidades é a análise dos resultados das convocatorias electorais celebradas ata aquel momento ao Congreso de los Diputados (1977, 1979 e 1982) e ao Parlamento de Galicia (1981). Suscítase tamén outra cuestión: por que se busca unha *middletown* electoral en España coincidindo co inicio da andadura da Transición española tras corenta anos de ditadura. A escasa experiencia na utilización de ferramentas sociolóxicas de prospección electoral nunha democracia recentemente estreada, o recurso á importación de métodos xa experimentados noutros países e a necesidade de acoutar o máis posible a mostra electoral conforman o grupo de factores explicativos. De coñecemento público, o estudio encargado por Manuel Fraga foi o primeiro realizado en España na procura dunha *middletown*.

**Palabras clave:** Betanzos, Fraga, eleccións, espello social, *middletown*

**Abstract:** *This article offers an approach to the origin of the “test of Betanzos”, formulated in a sociological study commissioned by Manuel Fraga and publicly presented by him in January 1983. According to this work, the municipality of Betanzos was along with Jerez de la Frontera (Andalucía) and Getafe (Madrid) one of the three middletowns existing in Spain at that time. Over the years, Betanzos is the only of these three cities that remains in time as the social mirror of the country. Probably, this primitive sociological study is lost today, so it is necessary to rely on the scarce documentary references that are being made new. The fundamental source that allows to explain the election of Betanzos as middletown and its prevalence as such in relation to the other two cities is the analysis of the results of the electoral convocations held until that moment at the Congress of Deputies (1977, 1979 and 1982) and the Parliament of Galicia (1981). Another issue is also asked: Why do you look for an electoral middletown in Spain coinciding with the beginning of the Spanish Transition after forty years of dictatorship. The lack of experience in the use of sociological tools for electoral prospection in a newly released democracy, the use of imported methods and the need to narrow down the electoral sample form the group of explanatory factors. Of public knowledge, the study commissioned by Manuel Fraga was the first realized in Spain in search of a middletown.*

**Keywords:** Betanzos, Fraga, elections, social mirror, magic town

## 1. Introducción

No presente traballo preténdese explicar por que Betanzos xurde como *middletown* en España a comezos dos anos 80 e segue a día de hoxe –tralos profundos cambios sociais que se produciron nos 35 anos transcorridos dende entón conservando ese carácter. A hipótese xeral que se baralla é que reflectía unha imaxe bastante fiel dos resultados electorais en España e, polo seu tamaño, a súa mostra censual era máis manexable á hora de utilizala como laboratorio sociolóxico. De xeito sistemático, as hipóteses que se formulan son as seguintes:

### 1.-Hipótese relativa á busca dunha *middletown* en España:

**A.** A brusca irrupción de convocatorias electorais en España<sup>1</sup> despois de moitos anos de ditadura fixo que os actores políticos buscasen instrumentos sociolóxicos que lles permitiran interpretar o máis fielmente posible a reacción dun electorado que durante un longo período de tempo permanecera silencioso e naquela altura mostrábase remiso a manifestar as súas intencións. Para isto, recorreuse á importación de métodos cun denominador común: que a sinécdoque muestral fora o máis reducida posible.

**B.** Os asoballantes resultados obtidos polo PSOE en 1982 e a utilización do sistema de “mesas testigo”, que permitiu controlar os resultados incluso antes que o propio Goberno, espoliou esa busca por parte da oposición conservadora.

### 2.-Hipótese relativa á prevalencia de Betanzos como *middletown*:

**A.** O ter un censo electoral menor de 10.000 votantes e reflectir unha imaxe bastante fiel dos resultados electorais permitía operar con certa facilidade antes das eleccións, durante as eleccións e despois das eleccións.

**B.** Manuel Fraga buscaba naquel momento unha *middletown* de España, porque era o terreo político no que el xogaba, pero o feito de que este pobo lle resultase moi próximo e que lle brindase un plus de votos –reflexo dos resultados da súa formación política na circunscrición electoral da provincia da Coruña e en Galicia- axudou, probablemente, a que Betanzos se convertera en laboratorio electoral. Fraga mostrou unha preferencia grande por Betanzos ata o punto de opacar a Jerez e Getafe. De feito, Fraga pasou a denominar ese estudio “o test de Betanzos”.

Unha vez enunciadas as hipóteses, o primeiro epígrafe tentará describir o escenario no que se produce a aparición do traballo sociolóxico que deu orixe ao “test de Betan-

1. Referendo sobre o proxecto de lei para a reforma política (15/12/1976), eleccións ao Congreso de los Diputados (15/06/1977), referendo sobre o proxecto de Constitución (06/12/1978), eleccións ao Congreso de los Diputados (01/03/1979), eleccións municipais (03/04/1979) e eleccións ao Congreso de los Diputados (28/10/1982).

zos” no que aparecen as chamadas “mesas testigo” como antecedente inmediato. Os seguintes epígrafes adicaranse a describir a situación de partida da demoscopia na Transición española e o papel relevante que tivo Fraga neste tema; a aparición das tres cidades como espellos sociais reflectida no traballo sociolóxico presentado polo líder de Alianza Popular, e o resultado das operacións estatísticas demostrativas. As conclusións recóllense no epígrafe final.

## 2. O escenario da orixe

O 18 de xaneiro de 1983, Manuel Fraga celebrou unha das que chegarían a ser as súas tradicionais queimadas no restaurante La Criolla, na rúa Fuencarral de Madrid. Tres meses escasos pasaran das eleccións xerais do 28 de outubro de 1982 nas que o PSOE con Felipe González e Alfonso Guerra á fronte obtivera a histórica vitoria dos 202 deputados. Cunha participación do 79,97%, o PSOE obtivo un triunfo histórico con 10.127.392 votos (48,11%), segundo os datos do Ministerio do Interior. En segundo lugar, quedou Alianza Popular-Partido Demócrata Popular (AP-PDP) con 5.548.107 votos (26,36%) e en terceiro lugar a Unión de Centro Democrático (UCD) con 1.425.093 votos (6,67%), o que supuxo o seu afundimento como alternativa de goberno.

Ademais do profundo cambio político e sociolóxico que supuxeron para o país, estas eleccións de 1982 trouxeron novacións tamén dende o punto de vista demoscópico xa que pasan por ser as primeiras en España nas que se utilizou o sistema das chamadas “mesas testigo” para facer unha proxección de resultados. A mostra censual queda acoutada, neste caso, a varias rúas dunha cidade os votantes das cales coinciden no mesmo colexio e mesa electoral. Se a selección técnica é boa –téñense en conta factores como a idade, estudos, nivel económico, entre outros-, quere dicir que os votantes desas mesas son unha representación bastante aproximada da cidade, da provincia ou, dependendo do que se busque, da sociedade en xeral chamada a votar. Por esta razón, os resultados electorais desas mesas permiten adiantar un resultado electoral xeral como, de feito, e segundo se dixera, ocorreu: Alfonso Guerra tivo os datos finais do escrutinio antes que ninguén, incluso antes de que o propio goberno da UCD os fixera públicos.

Ese sistema de “mesas testigo” empregado en todo o Estado español foi, probablemente, o antecedente máis inmediato do que –sobre todo nos anos 80- Fraga denominaba o “test de Betanzos” e que tivo a súa presentación en sociedade aquel martes 18 de xaneiro do 1983 na queimada do restaurante La Criolla en Madrid. Alí estaban presentes o daquela secretario xeral de AP, Jorge Verstrynge, Carlos Robles Piquer, Carmen Llorca, Pero Schwartz e Abel Matutes, entre outros dirixentes “populares” do momento.

O antecedente remoto habería que buscalo máis de medio século atrás no estudo sociolóxico que Robert e Helen Lynd realizaran nunha pequena poboación do estado de Indiana (USA) chamada Muncie. O resultado dese estudio plasmoste nos denominados Estudos Middletown, publicados en 1929 e 1935, respectivamente, e neles os Lynd chegaron á conclusión de que este pequeno pobo do *middlewest* norteamericano representaba socialmente aos Estados Unidos de América.

A partir da investigación dos Lynd, Muncie converteuse na Meca dos sociólogos no que a enquisas electorais se refire. Todo o mundo quería saber que pensaban os habitantes de Muncie respecto da elección presidencial do momento. Sexa lenda ou non, afirmase que Muncie nunca fallou nos seus prognósticos electorais. Naturalmente, pronto comezaron a agromar outros pobos medios a medida que se ían realizando investigacións sociolóxicas: Tepoztlán, no estado de Morelos (México), e máis tarde Newburyport, en Massachussets (USA), foron tamén declaradas *middletown*.

Esa foi a orixe, pero o auténtico desarrollador das *opinión polls* en xeral foi George Gallup, quen evidentemente tiña moi claro en que ámbitos espaciais realizar as enquisas. De xeito contrario non podería ocorrer o que ocorreu nas eleccións presidenciais de Estados Unidos no 1936: Gallup fixo unha enquisa preguntando a 5.000 persoas e concluíu que repetiría mandato o demócrata Franklin D. Roosevelt. O Digest sondou a dous millóns de votantes e apostouno todo a que o republicano Alf Landon ocuparía a Casa Blanca.

Roosevelt abandonou o sillón presidencial no 1942 logo de completar os seus dous mandatos continuados (1932-1940).

A marca Gallup apareceu en España nos anos sesenta, aínda que a empresa era de propiedade española. En pleno franquismo, Gallup traballou arreo en enquisas de tendencia política aínda que, evidentemente, non de carácter estritamente electoral. Naquela altura Manuel Fraga era ministro de Información y Turismo (1962-1969).

### 3. Inicio das enquisas en España

Nunhas declaracións realizadas a El País (21/04/1983) a propósito da “hilaridad” que lle producían determinadas enquisas, afirmou: “Yo, que tengo algo que ver con la introducción de las encuestas en España e hice algunas de las primeras, cuando leo que en el primer día de campaña ya hay personas que tienen decidido el voto me dan ganas de reír”.

Efectivamente, algo tivo que ver coa introdución das enquisas en España xa que no 1963, sendo el o ministro, refundouse o Instituto de la Opinión Pública (IOP), adscrito ao Ministerio de Información y Turismo, instituto que no 1977 se convertería no actual CIS (Centro de Investigaciones Sociológicas). O seu primeiro presidente foi o sociólogo galego Luís González Seara, recentemente falecido, e que logo faría carreira política na UCD. O director técnico era o profesor Juan Díez Nicolás.

A primeira gran enquisa nacional en España realizouna o IOP no 1965. Pero isto non quere dicir que antes desta data España fora un completo ermo en materia demoscópica. Certamente, non. O único é que as cousas facíanse doutra maneira.

Na inmediata posguerra, en concreto en setembro de 1942, creouse o Servicio Español de Auscultación de la Opinión Pública (SEAOP), considerado como o antecedente do IOP. Este organismo traballou ata 1946. Do seu obxectivo pode dicirse (Santos del Cerro, 2002) que era medir a opinión pública de xeito regular e sistemático, o grao de información da poboación e a penetración da propaganda subversiva estranxeira. Ao SEAOP débense tamén as primeiras enquisas relacionadas coa II Guerra Mundial. Ningunha destas enquisas se publicaban xa que eran de consumo interno e só se enviaban aos altos organismos do Estado.

Unha vez desaparecido o SEAOP, xa no 1951 créase o primeiro Instituto de la Opinión Pública (IOP) vinculado ao control da prensa e á mellora da imaxe pública da ditadura unha vez que se levantaran as sancións da ONU a España. Facía unha enquisa social unha vez ao mes sobre temas diversos. No 1957 deixou de funcionar, asumindo o Instituto de Estudios Políticos o estudio dos métodos de enquisa. Non sería ata seis anos máis tarde cando Manuel Fraga como ministro de Información y Turismo decide refundar un IOP moi profesionalizado, utilizando as máis avanzadas técnicas de mostraxe e seguindo a escola norteamericana.

Nestes anos sesenta empezan a facer acto de presenza en España as axencias independentes de investigación social. Na etapa inmediatamente anterior ao falecemento de Franco realízanse multitude de enquisas de carácter político e empezaban a ser publicadas na prensa. Estas enquisas debíanse en boa parte a iniciativas non oficiais como Foessa (Fomento de Estudios Sociales y Sociología Aplicada) con Amando de Miguel á fronte ou a Encuesta Nacional de Empresarios, dirixida por Juan Linz e o propio De Miguel (Reig Cruaños, 2007).

Os informes Foessa (1967-2014) tiveron unha capital importancia para definir o retrato social de España ao longo de case cinco décadas. Se se quere, con un plus de interese sobre todo nos anos setenta polo brusco cambio social e político que viviu España e polo singular e novo da iniciativa naqueles tempos. O Estudio das Amas de Casa (1970) foi o primeiro en botar luz sobre a realidade doméstica española. Fíxéronse 3.954 entrevistas en toda España e –só como dato anecdótico– dicir que como entidade de poboación de entre 5.001 e 10.000 habitantes no litoral norte seleccionouse Betanzos. Foron quince as amas de casa betanceiras que prestaron as súas opinións a este primeiro informe.

Xa en plena transición política, entre 1975 e 1981, Foessa realizou outro traballo que acadou unha grande repercusión, o *IV Informe Sociológico sobre el cambio político en España*. No seu Volumen I recóllense as conclusións a que se chega sobre

*Imagen de los partidos y líderes políticos en 1978* tras procesar as 5.500 entrevistas realizadas en toda España (das que corresponderon a Galicia 298). O retrato político que se fai de Manuel Fraga é o de herdeiro do franquismo, cunha característica moi destacada que é a súa experiencia política.

O Informe Foessa conclúe: “Fraga era un líder al que se le reconocía su capacidad y experiencia política, con cierto nivel de habilidad, pero autoritario, excitable y algo demagógico, y no se le atribuían las características de ser simpático, sincero, comprensible y responsable”. Engadía: “Entre sus votantes, se le reconoce como responsable, honrado y sincero. La comprensión y la simpatía no aparecieron como atributos fuertes de su imagen”.

Este era un momento cunha forte demanda dos servizos das empresas demoscópicas. Experimentábase, por primeira vez en España, con técnicas importadas en busca de maior fidelidade na auscultación da opinión pública. A cuestión é conseguir a mellor sinéctoque muestral: Que unha parte represente ao todo o máis fielmente posible. Esa parte pode ser un pobo, pode ser unha zona residencial dunha cidade ou incluso un área non moi extensa de rúas agrupada nunha sección censual, por exemplo.

A tendencia de medir a opinión pública a través dunha *middletown* chegou a España con bastante retraso. Dende a publicación do estudio dos Lynd nos anos trinta este sistema mantivo unha gran popularidade durante uns 25 anos nos Estados Unidos e zona de influencia ata o punto de que Hollywood foi sensible a esa popularidade e produciu a película *Magic Town* (1947), protagonizada por James Stewart e Jane Wyman, que acuñaría a denominación máis popular para estes pobos medios.

Pero mentres en USA xa deixara de ser novidade -de feito, a produción académica e científica sobre este fenómeno empezara a estancarse-, a importación da idea chegara a Europa. España tardou aínda un pouco máis en acusar recibo da novidade. De feito, tomouse nota do método dun xeito moi colateral. Naquela altura, barallouse o nome de Zaragoza como posible *middletown* española... a efectos comerciais. Así o deduciron algúns a raíz das investigacións levadas a cabo polo Ministerio de Industria sobre os Polos de Atracción Comercial nos que se elaboraba un índice de atracción comercial. Segundo me confirmou o propio Amando de Miguel, dende os tempos das enquisas de Foessa manexaban esa idea “puramente pragmática” baseada na experiencia de moitos datos, non só de enquisas senón tamén estatísticos. De Miguel asegura que esta idea foi en realidade unha suposición achada ao azar componendo unha serie de correlacións entre dúas variables para as 50 provincias españolas, “en moitas delas, Zaragoza aparecía no centro da gráfica ou no centro da recta de regresión cando a correlación era moi alta”. Eran os anos setenta e oitenta cando algunhas empresas avisadas probaban os seus lanzamentos comerciais na capital maña antes de presentalos en toda España.

A non penetración formal da idea pode ser a razón pola que non se atopa bibliografía sobre as *middletown* en España, deixando aparte os pioneiros estudos do matrimonio Lynd.

Este era o panorama en 1982, cando se pon en práctica a gran escala o novo experimento das “mesas testigo”. Neste sistema non se toma un pobo como mostra senón unidades sociais máis pequenas como son as correspondentes ás mesas electorais, que ademais van deixar puntual reflexo do que pensan xa non mediante unha enquisa na que sempre hai marxe de erro, senón mediante a efectiva introdución do voto en urna. É dicir; esa mostra pode ser auscultada antes, durante ou despois das eleccións para saber cal é a tendencia. E que esa tendencia sexa o espello do resultado xeral é o plus engadido para a fiabilidade da observación.

#### 4. Tres cidades propostas

Fraga, pois, segundo queda demostrado, ten plena conciencia naquela altura da importancia de contar con estudos demoscópicos atinados. Con posterioridade ao 20 de novembro de 1975, mentres simultaneou a carteira de Interior coa vicepresidencia do Goberno durante escasos seis meses e moito máis cando se lanzou de cheo á loita política, as enquisas foron un instrumento capital para el e para todos os que tiñan algo que ganar ou perder nas primeiras convocatorias democráticas do postfranquismo. Naqueles momentos, o IOP xa non dependía del e cando concorreu ás primeiras convocatorias democráticas non só o fixo dende fóra do aparello institucional senón que o IOP, xa reconvertido en CIS, pasou a depender no 1978 directamente de Presidencia del Gobierno, ocupada por Adolfo Suárez, que era parte tamén na contenda electoral.

O xefe da oposición nas Cortes españolas no 1982 –pese ó avultado triunfo socialista– non se atopaba nin moito menos nunha posición política débil. Todo o contrario. Nos primeiros comicios da democracia española xurdida tras a ditadura do Xeneral Franco, celebrados o 15 de xuño de 1977, a Alianza Popular coliderada por Manuel Fraga quedou nunha situación próxima á irrelevancia política: O 8,21% dos votos válidos emitidos aquel día, traducidos en 16 escanos no Congreso de los Diputados, foi toda a colleita que conseguiu AP.

Esta situación política agravaríase aínda máis para Manuel Fraga nas segundas eleccións xerais ás Cortes Españolas, o 1 de marzo de 1979. Nesta ocasión Coalición Popular rebaxou a porcentaxe obtida ata o 5,89 % dos votos válidos e nove escanos. E outra volta viuse superado pola UCD, o PSOE e o Partido Comunista de España (PCE).

Esta era a situación aproximada da que partía Fraga coa súa formación política para competir o 28 de outubro de 1982. Por esta razón, verse de repente como



líder indiscutible da oposición despois de lograr unha suba en votos duns 20 puntos porcentuais respecto dos anteriores comicios non o deixaba precisamente nunha situación débil. Realmente, esta foi a consolidación de Alianza Popular no escenario político español.

Neste contexto, Manuel Fraga, encarga dende a presidencia de Alianza Popular – que acababa de trasladar a súa sede dende De Silva, 23 á actual de Génova, 13 –, un estudio sociolóxico a realizar en toda España. Ese estudio conclúe que naquel momento –nos primeiros anos 80– había tres cidades españolas que eran o espello social de España. Trátase de tres poboacións de distinto tamaño, ubicadas en zonas xeográficas ben distintas e distantes entre si como son, Jerez de la Frontera (Andalucía), Getafe (Madrid) e Betanzos (Galicia).

Con datos referidos a 1982, ano en que se realizou o estudio, Jerez (175.653 habitantes) ten un censo electoral de 113.828 votantes. Destes, o 63,85% acaba de darlle o seu voto ao PSOE mentres que o 20,19% optou por AP-PDP e só un 2,4% por UCD. Getafe (126.558 habitantes) ten un censo de 78.774 votantes dos que o 63,65% apostaron polos socialistas, un 22,72% polos conservadores e un 1,6% por UCD.

E en terceiro lugar, a cidade menor en tamaño e en poboación que é Betanzos (11.383 habitantes) ten naquela altura un censo electoral de 8.673 votantes. O 45,44% preferiron a Felipe González, o 36,51% a Manuel Fraga e o 7,99% á UCD.

Como se pode comprobar, tanto Jerez como Getafe dan uns resultados bastante coincidentes entre si na resposta tanto ao PSOE como a AP e a UCD. Sen embargo, Betanzos aproxima moito máis coas porcentaxes globais obtidas en España, sobre todo no caso do PSOE (48,11%) e da UCD (7,99%), aínda que é máis distante no caso de AP-PDP (26,36%), primándoa en votos, en gran parte, probablemente, pola figura de Fraga.

Nas dúas convocatorias anteriores, ocorreu algo similar. Outra volta, Jerez e Getafe tiraron uns resultados semellantes entre si e Betanzos aproximou ao resultado real. No 1977, o PSOE obtivo o 29,32% dos votos en España e Betanzos deulle o 27,15%, Jerez (32,73%) e Getafe (39,20%) andaron máis lonxe. O mesmo ocorreu con AP que obtivera o 8,21% dos votos. Betanzos doulle o 10,54%, quedando máis distantes Jerez (5,17%) e Getafe (3,03%). Con UCD (34,44%) repetiuse o caso, se ben as porcentaxes variaron máis: Betanzos (42,41%), Jerez (24,78%) e Getafe (24,26%).

No 1979, Betanzos (39,84%) volveu dar o resultado máis aproximado das tres cidades a UCD (34,84%) mentres que Jerez (25,17%) e Getafe (25,24%) afastáronse do resultado. Tamén co PSOE (30,40%) se dou o mesmo caso: Betanzos (26,00%), Jerez (24,11%) e Getafe (39,08%). Sen embargo, a Coalición Democrática (CD) de Fraga (5,89%) tivo en Jerez (4,16%) o resultado máis aproximado, seguido de Getafe (3,31%), repetíndose a situación de prima en votos que lle veu dando Betanzos a Manuel Fraga (11,17%).

Evidentemente, no estudio sociolóxico de 1983 ponderáronse outras variables –e non só os resultados electorais– para considerar a estas tres cidades como os espellos

de España. O que si se pode afirmar é que en materia electoral –a teor dos resultados das únicas tres convocatorias ao Congreso de los Diputados celebradas ata aquel momento–, Betanzos era a cidade que máis aproximaba os resultados acadados no conxunto de España.

Con independencia de que Alianza Popular fixera uso interno dese estudio para realizar as súas sondaxes electorais nas tres cidades, foi moi evidente desde aquel momento a preferencia de Manuel Fraga por Betanzos como primeiro medidor electoral. Sen dúbida, foron máis razóns que unha as que pesaron na elección. Por exemplo, o tamaño da mostra era moito máis reducido –e polo tanto máis manexable– en Betanzos que en Jerez ou Getafe. Tamén o grao de coñecemento da cidade puido ter algo que ver. Aínda que Fraga presumía de coñecer España pobo a pobo, a súa relación con Betanzos viña de moitos anos atrás, de cando sendo neno veraneaba na Coruña coa súa familia e facían parada na vila betanceira. A proximidade con Perbes (Miño) onde veraneou case toda a súa vida axudou a estreitar a relación e o coñecemento.

Consecuencia directa da presentación do estudio foi que o nome de Betanzos pasou a formar parte do discurso de Fraga tanto ante os medios de comunicación como nas súas intervencións no Congreso de los Diputados e, polo tanto, a aparecer con moita frecuencia nas crónicas xornalísticas de Madrid.

A primeiros de 1983 a actualidade política española pasaba pola chamada Operación Roca que Miquel Roca e Antonio Garrigues tentaban poñer en marcha para aglutinar o centro, partindo da base de que Manuel Fraga tiña un teito electoral irrompible e que non podería desalojar ao PSOE do poder. Neste contexto, Pedro Rodríguez, columnista de ABC, fixo reiteradas alusións nos seus artigos a Betanzos. “Fraga ha retado a Roca a pasar la ‘prueba de Betanzos’” (*El tapado del Palas*, 8/2/1983). “El que quiera quedarse con el copyright del centro ha de conquistar el Santo Grial de la popularidad en Betanzos. Es la prueba, como se sabe, que ha puesto Fraga” (...) “Ahora en el Palas, en algunos bufetes de Madrid y Barcelona los expertos estudian qué tipo de mitin, de oferta ideológica, se puede hacer en la bellísima villa de Betanzos” (*Ecos de sociedad*, 22/2/1983).

Pilar Urbano tamén se fixo eco no mesmo xornal das manifestacións de Fraga (*Abogado del diablo*, 20/1/1983): “Por cierto, sobre la pretendida ‘Operación Roca’, Fraga lanzó un fulminante rayo láser: ‘la suma de ceros es cero. Yo no conozco todavía la capacidad del señor Roca para pedir votos en Betanzos, en Getafe, en Jerez... en Granollers, sí. Pero ahí también los hemos tenido nosotros’.

Esta tónica de referencia a Betanzos mantívose con máis ou menos forza durante os anos 80. De feito, Manuel Fraga acabou reduciendo o estudio sociolóxico ao que el mesmo dou en denominar “test de Betanzos”. Ata o seu desembarco na política galega –nas eleccións autonómicas de decembro de 1989–, Betanzos non desapareceu de todo das crónicas madrileñas. Logo, en Galicia –a novidade xa pasara– quedou

como algo interno ao que se refería algunha vez Fraga (“fágame o test de Betanzos”), pero que case ningún dos seus colaboradores recorda xa. E, sobre todo, cambiouse gratuitamente a proxección do “test de Betanzos” do ámbito de España ao ámbito de Galicia, probablemente porque nos 16 anos que pasou como presidente da Xunta reclamou máis dunha vez os resultados de Betanzos.

O que foi unha constante ata o final da súa vida política foi o reclamo adiantado que facía cada noite electoral dos resultados obtidos en Vilalba, Miño e Betanzos. Respecto das dúas primeiras vilas é entendible pola relación estreita coa súa vida. Nacera en Vilalba e Perbes (Miño) foi a segunda residencia estival de sempre. A razón de querer coñecer a primeira hora o que votara Betanzos non o soubo explicar ningún dos seus directos colaboradores como non fose en relación co test.

## 5. Correlacións altas

A idea de proceder a unha comprobación científica do “test de Betanzos” 35 anos despois de que se fixera o estudio sociolóxico que lle dou pé xurdiu na realización dun máster, seguramente pola forte aparición novamente de *magic towns* en todo o mundo. O Traballo Fin de Máster que lle puxo fin *Análise de validez do test Betanzos nas eleccións autonómicas de Galicia. Estudio documental e diagnose do modelo* (2012) seguiu esa idea de suposta proximidade de diagnóstico de Betanzos con Galicia. O resultado desa primeira aproximación ampliada converteuse no libro de divulgación *Betanzos, magic town* (2013).

Agora, a investigación no marco da tese de doutoramento *Análise de validez de Betanzos como middletown a través dos resultados nas eleccións autonómicas. Aproximación a outras convocatorias electorais. Efectos e mecanismos causais na explicación do comportamento electoral* permite realizar comprobacións que poden resultar concluíntes.

A primeira de todas elas é que o estudio sociolóxico feito público en 1983 propoñía a Betanzos como espello social de España, non de Galicia. Trátase de comprobar agora máis polo miúdo se ese *mirror* tiña o seu reflexo nos resultados electorais e que variacións sufriu no tempo.

Na tese que está en construción sobre o “test de Betanzos” como medidor electoral, estanse utilizando, entre outros instrumentos estatísticos, o Índice de Correlación de Pearson (en diante, ICP) e o Erro Relativo (en diante, ER). Póñense en relación as porcentaxes de resultados obtidos na *magic town* cos obtidos na provincia da Coruña, en Galicia e, no caso das eleccións ao Congreso de los Diputados e ao Parlamento Europeo, cos obtidos en España.

O ICP é un índice que mide o grao de covarianza entre distintas variables relacionadas línealmente. Os seus valores absolutos oscilan entre o 0 e o 1. Canto máis

preto de 1, maior é a correlación e canto máis se achegue ao 0, menor é a correlación. Dentro do que se consideran correlacións altas, púxose a liña vermella nun mínimo do 0,90 coa idea de disipar calquera tipo de dúbidas na demostración do “test de Betanzos”. O índice é de doada interpretación, pero hai que ter en conta que por si soa unha correlación entre dúas variables só significa que comparten información e variabilidade. A orixe da información e da variabilidade excede os recursos exclusivamente matemáticos. É dicir; o porqué desa correlación hai que buscalo no caso que nos ocupa na ciencia política.

Algo parecido sucede co ER. Pódese definir como o cociente entre o Erro Absoluto e o valor que consideramos exacto (a media). Pode ser positivo ou negativo xa que pode darse por exceso ou por defecto. O seu interese no caso vén dado porque serve de indicador da calidade dunha medida. Basicamente, cando se realiza unha medición considérase que a súa calidade é moito maior canto máis pequeno é o erro relativo que se comete.

No momento en que se presenta o estudio sociolóxico que descubre Betanzos como un dos espellos de España, celebráranse, como queda dito, tres eleccións ao Congreso de los Diputados (1977, 1979 e 1982) e as primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia (20 de outubro de 1981).

**Táboa 1**  
Eleccións ao Congreso xuño 1977

PARTIDOS	BETANZOS	PROVINCIA	GALICIA	ESPAÑA
UCD	42,91%	49,24%	53,76%	34,44%
PSOE	27,15%	17,43%	15,52%	29,32%
AP	10,54%	11,15%	13,13%	8,21%
PCE	5,46%	3,72%	3,03%	9,33%
PSP-US	3,93%	5,32%	4,70%	4,46%
BNPG	0,94%	1,78%	2,02%	0,12%
PSG	1,82%	3,69%	2,41%	0,15%
OUTROS	6,98%	7,12%	5,01%	13,72%
BLANCOS	0,27%	0,55%	0,42%	0,25%
NULOS	2,43%	2,38%	2,06%	1,43%
ABSTENCIÓN	21,99%	36,86%	39,27%	21,17%
	ICP	0,9336	0,9191	0,9622

Nunha somera análise apoiada nos ditos instrumentos estatísticos, compróbase que xa nos comicios do 15 de xuño de 1977 Betanzos dá un ICP respecto de España do 0,9622. Respecto da provincia da Coruña, dá un 0,9336 e respecto de Galicia, un 0,9191. Son todos eles índices moi próximos á unidade, pero, efectivamente, o máis alto de todos é o que dá con respecto a España. En canto ao ER, Alianza Popular (0,0579) dá o máis baixo en Betanzos respecto da Provincia e o PSOE (0,0799) fai o mesmo respecto de España. O resultado con menor ER que dou Betanzos respecto de Galicia foi o do Partido Socialista Popular-Unión Socialista (PSP-US) (0,1959), un erro bastante máis alto cos anteriores.

Esto resúmese dicindo que Betanzos aproximouse nos seus resultados moito máis a España que a Galicia ou á provincia. Particularmente, é chamativa a coincidencia na porcentaxe que obtivo o PSOE en Betanzos (27,15%) coa que obtivo en España (29,32%). O resultado de Alianza Popular é a proximidade máis alta que dá Betanzos (10,54%) coa provincia (11,15%) e hai que ir ao PSP-US de Tierno Galván para buscar o resultado máis aproximado de Betanzos (3,93%) co global de Galicia (4,70%).

**Táboa 2**  
Eleccións ao Congreso marzo 1979

PARTIDOS	Betanzos	A Coruña	Galicia	España
UCD	39,84%	46,61%	48,18%	34,84%
PSOE	26,00%	17,90%	17,32%	30,40%
CD	11,17%	11,78%	14,19%	5,89%
PCE	9,21%	4,71%	4,16%	10,77%
PG-POG-PSG	3,39%	6,55%	5,43%	0,31%
BNPG	3,30%	5,41%	5,95%	0,34%
OUTROS	6,99%	6,95%	4,60%	17,13%
BLANCOS	0,10%	0,09%	0,17%	0,32%
NULOS	1,95%	1,90%	1,55%	1,47%
ABSTENCIÓN	32,95%	46,68%	50,80%	31,96%
	<b>ICP</b>	0,9509	0,9392	0,9459

Fonte: elaboración propia.

Dous anos máis tarde, eleccións xerais do 1 de marzo de 1979. Hai un pequeno cambio de posición, o ICP máis alto é o que dá Betanzos respecto da provincia (0,9508) seguido moi de preto polo que dá respecto de España (0,9459). En terceiro lugar, o índice de Betanzos respecto de Galicia é do 0,9392. Seguen sendo moi altos calquera dos tres. No ER pouca variación, Coalición Democrática volve dar o menor erro en Betanzos respecto da provincia (0,0546). Tamén rexistra o menor ER coa CD de Fraga respecto a Galicia (0,2704), aínda que bastante máis alto. Con respecto a España, Betanzos dá o menor ER coa UCD (0,1255).

Temos aquí unha aproximación crecente entre os resultados de Betanzos e os da circunscrición electoral provincial, que chega a superar nun ínfimo 0,0049 o ICP con respecto a España, o que máis ben habería que interpretar como unha ampliación da capacidade de Betanzos como medidor electoral. Tampouco é despreziable con respecto a Galicia (a diferenza no ICP é do 0,0067) se ben queda relegada ao terceiro lugar.

As porcentaxes de voto válido que obtén Coalición Democrática en Betanzos (11,17%) e na Coruña (11,78%) son practicamente idénticas, pero distan do global en España (5,89%). En xeral, os resultados da provincia e de Galicia están máis lonxe dos de España. Betanzos mantén máis proximidade co global estatal.

**Táboa 3**  
Elección saó Congreso 1982

PARTIDOS	Betanzos	A Coruña	Galicia	España
PSG-PSOE	45,44%	38,22%	32,83%	48,11%
AP-PDP	36,51%	35,16%	37,60%	26,36%
CDS	1,60%	2,75%	2,59%	2,87%
UCD	7,99%	12,98%	17,71%	6,77%
B-PSG	1,08%	3,21%	2,96%	0,18%
OUTROS	6,92%	7,15%	5,81%	15,24%
BLANCOS	0,46%	0,53%	0,50%	0,47%
NULOS	1,87%	1,77%	1,67%	1,95%
ABSTENCIÓN	20,58%	34,99%	36,30%	20,03%
	<b>ICP</b>	0,939	0,8902	0,9588

Fonte: elaboración propia.

28 de outubro de 1982. Betanzos volve asimilarse cos resultados globais de España segundo indica o ICP (0,9588), rebaixa o índice coa provincia (0,9390) respecto de hai tres anos e sepárase aínda máis da correlación con Galicia (0,8902). Acada tamén nesta ocasión uns erros relativos moi baixos: os resultados do PSOE en Betanzos (45,44%) e en España (48,11%) deixan un ER do 0,0588. Mentres, en España lograba o PSOE unha vitoria histórica, en Galicia ganaba Alianza Popular e Betanzos (36,51%) aproximaba tamén os resultados de Fraga na provincia (35,16%) deixando un ER de 0,0370 e incluso con Galicia (37,60%) cun ER do 0,0299.

A cuarta convocatoria electoral a analizar é a das primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia, celebradas o 20 de outubro de 1981. Neste caso, o comportamento electoral dos votantes de Betanzos é moi outro. Se tomamos a comparativa coa provincia da Coruña, o ICP global (0,9003) apenas sobrepasa esa liña vermella coa que se quere sinalar unha correlación rotundamente alta.

Ao tratarse dunha convocatoria autonómica, o traballo de investigación faise máis exhaustivo descendendo ata analiza-las mesas electorais de Betanzos. Pois ben, na comparativa Betanzos/A Coruña só cinco (5) das doce (12) mesas de votación superan ese límite do 0,90. Delas, merece ser destacada a número 9U en Guiliade, que abarca a parroquia de Piadela, e que acada un 0,9632. Aínda que convén aclarar que xustamente non aproximou tanto as porcentaxes de AP e PSOE senón as doutras formacións políticas. Por contra, a mesa que máis se distanciou dos resultados obtidos na provincia foi a mesa número 3 que abrangue aos votantes de Xan Rozo. O seu ICP é o máis baixo (0,7300) en relación coa provincia.

De novo, o ER máis baixo foi o de AP (0,06). A mesa número 7 é onde máis se asemellou o resultado da formación de Fraga (33,60%) respecto da provincia (32,66%). Esta mesa comprende aos votantes de Saavedra Meneses e Betanzos O Vello, seguíndolle moi de preto a mesa 8 (Roibeira e A Condesa).

Estas eleccións marcaron o mínimo histórico para Alianza Popular: O 30,52% do voto válido en Galicia. A partir de aquí todo sería subir. Con todo, unha vez máis o dato da formación de Fraga é o que asemella máis Betanzos. Non o fixo nin a UCD, directa competidora de AP e con outro líder “galego” vía Ribadeo, Leopoldo Calvo-Sotelo, con un 27,80% en Galicia, o 19,50% na provincia e un 13,62% en Betanzos. Salvo outra volta na mesa de Guiliade (9U) que o aproximou moito ao resultado provincial. Tampouco o PSOE. Os socialistas obtiveran un 19,62% en Galicia, que na provincia coruñesa se converteu nun 23,96% e en Betanzos, nun 34,91%.

O ICP de Betanzos respecto de Galicia nas eleccións de 1981 foi o máis baixo de toda a serie histórica das autonómicas ata o día de hoxe: 0,8159. Só a mesa electoral de Guiliade superou a liña e marcou un 0,9225 de correlación cos resultados de Galicia. Tódalas demais mesas marcaron ICPs por debaixo ata o 0,6123 da mesa de Xan Rozo. As cousas irían cambiando paulatinamente nestes 36 anos.

E iso que Betanzos foi parada obrigada durante a campaña. Facendo labor de hemeroteca, hai que dicir que tanto Fraga como Calvo-Sotelo adicáronlle tempo. O día 4 de outubro de 1981, Fraga almorzou en Betanzos con Julio Romay Beccaría e 200 persoas máis. O 6, é Calvo-Sotelo quen, acompañado de Meilán Gil, acude á vila betanceira “a título particular” a visitar Santa María do Azogue onde dous días antes roubaran 14 tallas flamencas no altar maior.

Os dous –Fraga e Calvo-Sotelo- xogábanse o seu futuro político. As sondaxes electorais que se fixeran nesta primeira convocatoria galega, probablemente, non axudaron moito. O dato máis reseñable eran as porcentaxes que ían do 40% a un 51% de “no sabe/no contesta”. Fraga estaba a un paso de desaparecer da escena despois dos resultados do 1979 e a situación de Calvo-Sotelo era moi similar polo efecto directo que podía ter o resultado na crise de descomposición da UCD. Ao remate, foi Fraga o que se fixo forte en Galicia e resistiu en España.

## 6. Conclusións

Como colofón, pode dicirse que non deixa lugar a dúbidas de que o comportamento electoral de Betanzos nas eleccións ao Congreso de los Diputados no período 1977-1982 aseméllase moito ao comportamento global de España, tal e como indica un índice moi alto de correlación. Esta semellanza é incluso máis alta ca que representa coa provincia. Polo que respecta a Galicia, nestes primeiros comicios xerais da democracia queda máis distante do comportamento electoral de Betanzos e de España. Non obstante, Betanzos dá ICPs certamente altos tamén coa circunscrición provincial e con Galicia.

Polo que se refire ao comportamento electoral respecto das eleccións ao Parlamento de Galicia de 1981, queda demostrado que Betanzos non dá a máis alta fidelidade no comportamento de Galicia e aseméllase algo máis ao da provincia.

Nos dous tipos de convocatoria electoral, Betanzos dá a proximidade máis alta (menor ER) a Alianza Popular con respecto á provincia da Coruña e incluso Galicia. Prima sempre en votos á formación política de Manuel Fraga. Sen embargo, nas eleccións ao Congreso Betanzos aproxima máis o resultado do PSOE con respecto a España.

Xa que logo, pódense confirmar as hipóteses enunciadas na primeira parte deste artigo e concluír que Betanzos certamente era un espello de España nos primeiros anos da Transición. Por contra, naquela altura non era o espello de Galicia ou, cando menos, era un reflexo moito máis pálido como o demostran as primeiras eleccións autonómicas de 1981 e os resultados acadados en Galicia nas dúas convocatorias nacionais de 1977 e 1979.

Que o estudio encargado por Manuel Fraga fora o primeiro –publicamente coñecido- relativo á busca en España dunha *middletown* como ferramenta sociolóxica dá



a entender que se estaba recorrendo á importación de métodos xa experimentados no estranxeiro, nomeadamente nos Estados Unidos de América e deixa en evidencia como gratuito e erróneo que Betanzos na súa orixe fose o espello de Galicia. Esta ferramenta, xunto coa das “mesas testigo” empregada polo PSOE, tiñan como denominador común conseguir unha mostra social reducida de xeito que se puidera conformar un laboratorio estable para operar sobre un proceso electoral en calquera momento. Achar esta ferramenta tiña certo carácter de urxencia se se ten en conta o escenario: Unha brusca irrupción dunha serie de convocatorias electorais –seis en sete anos- tras corenta anos de sequía democrática.

## 7. Bibliografía

- BANTA, Martha (2004) “The Three Muncies: Buckongahelastown, Munseytown, Middletown.” *European Contributions to American Studies*, 56, 134-164.
- CACIAGLI, Mario (1986). *Elecciones y partidos en la transición española*, Madrid: CIS
- CAPLOW, Theodore (1980) “Middletown Fifty Years After.” *Contemporary Sociology* 9, 1, 46-50
- COTELO, Carmen (2012). *TFM Análise de validez do test Betanzos nas eleccións autonómicas de Galicia. Estudio documental e diagnose do modelo*, Ferrol: Facultade de Humanidades. USC-Campus de Ferrol
- COTELO, Carmen, NAYA, Salvador (2013). *Betanzos, magic town*, Cesuras: Editorial Biblos
- FUNDACIÓN FOESSA, (1970). *Informe Sociológico sobre la situación social de España*, Madrid: Editorial Euramérica S.A.
- FUNDACIÓN FOESSA, (1975-1981). *IV Informe Sociológico sobre el cambio político en España (Vol. I)*, Madrid: Editorial Euramérica S.A.
- LYND, Robert S., LYND MERRELL, Helen (1929). *Middletown: Un estudio en la cultura moderna americana*, New York: Harcourt Brace Cop.
- REIG CRUAÑES, José (2007). *Identificación y alienación: la cultura política y el tardofranquismo*, Valencia: Universitat de València
- RODRIGUEZ, Pedro (1983). “El ‘tapado’ del ‘Palas’”, ABC, 4.
- RODRIGUEZ, Pedro (1983). “Ecos de sociedad”, ABC, 12.
- SANTOS DEL CERRO, Jesús (2002). *Historia de la Probabilidad y de la Estadística*, Madrid: A.H.E.P.E.
- URBANO, Pilar (1983). “Abogado del diablo”, ABC, 25.